



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Vegalsa-Eroski volve selar a súa alianza co mundo creativo de Camiño Escena Norte

A compañía galega de distribución alimentaria e a entidade Camino Escena Norte AIE ratificaron hoxe o acordo de colaboración

A sexta edición do proxecto de intercambio de artes escénicas celebrárase do 13 de setembro ao 27 de outubro en Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra

A Coruña, 2 de xullo de 2024.- Por cuarto ano consecutivo, a compañía galega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski apoia o proxecto de intercambio de artes escénicas Camiño Escena Norte. Faino como patrocinador oficial desta sexta edición, afianzando así o seu compromiso por esta iniciativa que promove o intercambio cultural entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra.

Na sinatura do acordo estiveron presentes a directora de Sostibilidade e Comunicación Corporativa de Vegalsa-Eroski, Gabriela González; e por parte de Camiño Escena Norte o seu coordinador, Diego V. Meizoso. O acto contou tamén con parte do elenco da compañía Píscore-Culturactiva, unha das 3 compañías galegas que participará este ano o programa coa súa montaxe *Molto Barroco*.

"Desde Vegalsa-Eroski estamos moi contentos de renovar este acordo de colaboración, que nos permite consolidar o noso compromiso co ámbito das artes escénicas en Galicia e nas demais comunidades veciñas. Con esta firma, pretendemos contribuir á promoción da nosa cultura, que constitúe un dos atributos patrimoniais máis importantes e que nos representan como territorio e nos conectan coas sociedade", destacou Gabriela González.

"Para Camiño Escena Norte é unha satisfacción que Vegalsa-Eroski forme parte do proxecto como o noso patrocinador oficial por cuarto ano consecutivo. A aposta da marca polo noso proxecto cultural e o seu apoio e compromiso foron fundamentais para o desenvolvemento e estabilidade do mesmo, nunha alianza entre o sector cultural e creativo e o mundo da empresa que nos parece fundamental e que posibilita que este ano vaíamos ter actividades en case 30 sedes de Galicia e o Principado de Asturias", indicou Diego V. Meizoso.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Expansión de Constelacións

Camiño Escena Norte continúa co seu compromiso de promover o intercambio escénico, artístico e profesional entre compañías de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra. A edición de 2024 contará cunha programación especial que se celebrará do 13 de setembro ao 27 de outubro, na que participarán 15 compañías de teatro, danza e artes do movemento e novo circo mostrando os seus espectáculos **en máis de 60 localidades dos cinco territorios**.

A sexta edición de CEN mantén o número de compañías participantes (un total de 15) no ciclo de representacións, nomeado **Constelacións**. Galicia exportará talento aos demais territorios grazas á representación das compañías Ibuprofeno Teatro con *Deadpan Karaoke*; Píscore-Culturactiva con *Molto Barroco* e Colectivo Glovo con *Tabú*. Pola súa banda, Asturias intervirá neste intercambio cultural con La Westia Producciones e *Ada Byron: A tecedora de números*; Adrián Conde Espectáculos e *Check out*, e Teatro Plus, que representará *Geometría del alma*.

Cruzamentos, intercambio artístico

O programa **Cruzamentos, deseñado para promover o intercambio escénico, artístico e profesional entre** compañías, é unha das pedras angulares de camiño Escena Norte. Nesta sexta edición, esta rede de estancias acollerá dous proxectos, un deles da compañía galega **Furia Sotelo**, escollido entre os 18 presentados en 2024, e nos que estaban implicadas máis de 30 compañías das cinco Comunidades CEN. Na comisión de avaliación participaron profesionais de prestixio como a dramaturga e directora adxunta do Centro Dramático Nacional, Fefa Noia, e a bailarina e responsable de desenvolvemento de proxectos de Dantzaz Centro de Creación Coreográfica Internacional, Bertha Bermúdez.

El vacío que llena, da galega Furia Sotelo en colaboración cos cántabros Babirusa Danza, desenvolverase entre o 14 e o 22 de outubro na Casa Vella (Amiadoso, Ourense), un espazo de creación artística, encontro, mediación e dinamización do contexto rural.

Espectáculo Recomendado, marca de calidade

En 2024, CEN editou a segunda edición do Catálogo de Espectáculos Recomendados Camiño Escena Norte, unha publicación que serve de promoción das trinta producións seleccionadas e apoio á súa distribución fóra do ámbito do proxecto. O obxectivo deste segundo catálogo é que sirva como outra ferramenta máis para a visibilización, difusión e distribución das artes escénicas profesionais galegas, asturianas, cántabras, vascas e navarras fóra das súas fronteiras. A programación do programa **Constelacións** de 2024 saíu desta selección.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Oficina CEN de Cooperación Escénica

Unha das novidades da edición de 2024 é a Oficina CEN de Cooperación Escénica. Esta nova proposta, que conta co apoio do Ministerio de Cultura, funcionará de maneira permanente como entidade independente de apoio ás compañías e proxectos, dando continuidade durante todo o ano aos obxectivos do proxecto, máis aló das datas da súa programación oficial.

Sobre Vegalsa-Eroski

Vegalsa-Eroski conta en Galicia, Asturias e Castela e León con 285 establecementos entre propios e franquizados baixo as marcas comerciais hipermercados e gasoleneiras Eroski, supermercados Eroski Center, Autoservizos Familia, Cash Record, Eroski City, Aliprox e Eroski Rapid. A súa estrutura comercial en Galicia esténdese polas 4 provincias galegas e conta cunha moderna plataforma de mercadorías xerais, situada en Sigüeiro, A Coruña, dotada con tecnoloxías loxísticas de última xeración, ademais das plataformas de produtos frescos da Coruña e centros de redistribución en Vigo e Ourense.

Sobre Camiño Escena Norte

CEN naceu co obxectivo de promover o intercambio cultural a través das artes escénicas, tomando como referencia e fío condutor os camiños que transitan polo norte da Península Ibérica e que teñen, como destino final, Santiago de Compostela. Desde a súa primeira edición, celebrada en 2019, CEN levou o teatro, a danza, as artes do movemento e o novo circo **a escenarios afastados, en moitos casos, dos circuítos habituais de programación**, favorecendo así o acceso a este tipo de propostas á veciñanza de diferentes municipios e localidades.

CEN é unha iniciativa promovida polas propias **asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas** Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), ACEPAE (Cantabria), Eskena (Euskadi) e ESNA (Navarra). Todas elas únense na supraentidade Camino Escena Norte Agrupación de Interese Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

Para más información:

Lucía Pita | Prensa CEN Galicia | 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

Marta Barbón | Prensa CEN Asturias | 616 72 06 97 | mb@mbcomunicacion.com

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com

